FORO
# A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 3 | Edición nº 31 | Agosto de 2020 | PRECIO 2 EUROS

### Verán Cultural en Salvaterra de Miño

Páxina 2

### Do 15 ao 21 de agosto Ponteareas volve a vivir o Festival Groba

Páxina 7

### O PP solicita unha nova liña de axudas a PEMES e autónomos

Páxina 8

### Ponteareas reordenará os espazos peonís e o tráfico en 14 rúas

Páxina 9

### Mondariz continúa sen orzamentos municipais actualizados

Páxina 10

### As Neves terá Policía Local, logo de máis dun ano desde a xubilación do último axente

Páxina 11



## Salvaterra entrega os XV Premios Educación Curso 2019/2020

Páxina 4

## Portugal - Alto Minho

### Aprovada candidatura da zona empresarial responsável do Alto Minho em Monção

Páxina 12

### Melgaço promove obras de beneficiação da Torre de Menagem

Páxina 13

### Nova Adega Cooperativa fica em Ponte da Barca

Páxina 14

### "Cultura de Rua" anima o concelho de Caminha

Páxina 15






# Verán Cultural en Salvaterra de Miño



O Concello de Salvaterra presenta o programa de verán, baixo o lema “Un agosto diferente pero seguro en Salvaterra”

Un ano diferente pero seguro, onde o compromiso coa cultura non podía faltar, aínda que sexa adaptado a nova situación que estamos a vivir. Ademais será unha maneira de lecer diferente que faga un pouco máis amenos estes días de verán, e aínda que as festas principais terán que esperar ao 2021, este ano non podemos esquecer a Festa do Viño, que marcará un antes e un despois nunha das festas máis antigas do noso concello.

Achegámonos ao mes de agosto e con el comeza a programación do Verán Cultural. Dende o Concello trabállase para ofrecer unha programación variada e con todas as seguridades na nova normalidade, unha programación feita e pensada para gozar en familia. Cinema, teatro e música terán ou seu espazo, utilizando como espazo central a Praza do Concello, ubicación que permite delimitar e ter un control estricto de aforo. Ademáis como medidas de seguridade pídese asistir cunha hora de antelación para aplicar as medidas do protocolo, desinfección de mans, ocupar as cadeiras asignadas, acudir con masacrilla e os nenos e nenas sempre estarán acompañados dun adulto.

## Traballos de mellora e mantemento nos centros educativos

O Concelleiro de Obras Ernesto Groba visita os colexios cos diferentes operarios para dar inicio as obras necesarias e deixar a punto os diferentes centros Educativos de Municipio, Cra A Lagoa, CEP Carlos Casares, CEIP Infante Felipe e CEIP Chan de Leirado.

As melloras a realizar parten das demandas feitas a final de curso polos diferentes centros. Durante o mes de agosto levaranse a cabo o pintado de aulas, corcheiras, colocación de novo moviliario, revisións de electricidade e fontanería, limpeza de patios exteriores e reparación de zonas de xogo




FORO A PENEIRA

**Director:** *Guillermo Rodríguez Fdez.*
*T.658 58 50 49*
*guillermo@novasdoeixoatlantico.com*

**Tradución e correción:** *Montserrat Rodríguez*
*cursosespanhol.cep@gmail.com*

***Edita:*** *Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.*
*Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD*
*(36860 PONTEAREAS - GALIZA)*
*T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com*
***Imprime:*** *Publicaciones Tameiga S.L.*
***Publicidade:*** *Dpto. propio e axencias*
*x.foroapeneira@gmail.com*
***Deseño e maquetación:*** *Fran Eiró*

***Colaboradores:*** *Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.*

***Depósito legal:*** *VG 226-2018*

EDITORIAL

Por Guillermo Rodríguez, Director



# Galicia, eleccións e coronavirus

Nestes momentos sería normal que me laiara polo resultado das eleccións do pasado Dia 12-Xullo. De como os galegos voltamos a confirmar como cabalo gañador a quen leva xa máis dunha década "tomándonos o pelo" Pero, está claro, somos masoquistas. Así nos vai. Aquí non pasa nada; aquí non temos "procés"; aquí as rúas están molladas de tanto como choveu; aquí seguimos laiándonos pola pomba dourada no fondo do río que non somos quen de namorala.

Días pasados recibín unha chamada da miña libreira. Quería informarme que tiña alí un lote de libros para recoller. A verdade é que me tiña esquecido.

Obviamente, fun buscar os libros que, ademais de pesar uns euros importantes, tamén pesaban fisicamente. Ademais de libros tiña exemplares de "Le Monde Diplomatique" e de "El Viejo Topo". Total, unha cantidade de información de todo tipo que xa me dá para falarlles a vostedes do divino e do humano. Sen embargo non quero deixar pasar estas datas tristes sen lembrar a Rosalía cando nos di que "a gaita galega non sabe se canta, se chora"; ou a Novoneyra cando nos "Alalás encadeados" escribe: "É xa hora de que señas// Terra patria dos teus //dos que gardaron a fala // en que máis se dixo adeus //e señas dona de ti// e señora de falar // señora de decidir // e dona de se negar". Creo que non preciso explicarme máis, non si?

Pero volvamos ao rego, como dirían os nosos antergos cando os bois tiraban do arado que "fería" cariñoso a terra para sementar.

O material que recollín na librería trataba, entre outros moitos temas da pandemia. Desa "señora todopoderosa" que entrou a saco nas nosas vidas e que nos ten aqueloutrados de tal maneira que andamos pola rúa fuxindo dos amigos, que temos medo ata do medo, como dixo o cantante. Non vou entrar en datos estatísticos por aburridos e de sobra coñecidos. Vou facer miñas as palabras do colega Ignacio Ramonet, veciño noso de Redondela e que ten, aquí en Ponteareas, familiares; vaia para todos eles esta miña humilde reflexión. Ramonet fala das andanzas dun cruceiro, entre outros moito: "La odisea del "Zaandam", crucero maldito".

Aquí deléitanos cunha reportaxe sobre o que el chama pequenas cidades flotantes. As naves son o mundo, ou os mundos que levan dentro, constitúen unha metáfora frecuente no imaxinario da creación artística. Metáfora que nos fala da nosa realidade e sobre todo do noso destino.

Dous exemplos: En Titanic (1997) James Cameron fai unha alegoría do capitalismo industrial de principios do século XX, coas súas clases sociais, a súa alienación e as súas ambicións. Na súa xenial obra "E la nave va" (1983), Federico Fellini mete nunha embarcación ficticia a todo o mundillo da "belle époque". Ámbalas dúas películas evócannos unha sociedade que desaparecerá para sempre no naufraxio das violencias da primeira guerra mundial.

Desaparecerá a nosa barrida hoxe con tanta ferocidade pola tempestade do covid-19? Tal vez nos responda a análise do acontecido nestes últimos meses a bordo dos cruceiros e seus tripulantes, sorprendidos en plena viaxe de deleite polo furacán pandémico, que nos interroga e nos fascina.

Nun cruceiro hai de todo a bordo, como na vida mesma; menos, e isto é moi significativo, a natureza. Non hai árbores, nin bosques, nin ríos, nin animais salvaxes como non os hai nos nosos apartamentos. Todo o natural está fóra; todo o cultural está dentro. Non se mesturan. O cruceiro é, precisamente, unha sorte de illa mecánica que penetra flotando no ecosistema planetario. Acóllenos no seu ventre interior, protéxenos do perigo exterior; está rodeada de natureza por todas partes.

Unha natureza que os cruceiros, paradoxicamente, están contribuíndo a degradar como veñen denunciando todas as organizacións ecoloxistas (consomen millóns de litros de fuel pesado, un petróleo case bruto, nefasto para a calidade do ar). Pero a éxtase da viaxe fai desaparecer calquera conciencia ecolóxica. Nun cruceiro créase a ilusión desmaterializada do mundo. A base de artefactos e de seducións pretende crear a idea de que o viaxeiro está inmóbil no seu asento, que é o mundo o que desfila diante dos seus ollos. É a alienación turística por excelencia.




Igual que en calquera sociedade neoliberal, nun cruceiro hai un poder aparente, o do capitán e o dos seus oficiais, e un poder real, o dos xerentes da empresa propietaria que o deciden todo. Pero, en última estancia invisible por enriba deste, do capital financeiro, está o poder dos accionistas, dos fondos voitre que son os verdadeiros propietarios do capital das navieiras. Son os que achuchan sen piedade aos empresarios para que reduzan gastos e incrementen beneficios. Por iso, a principio de marzo pasado, os barcos saíron ao mar cando xa era temerario facelo, coa epidemia desatada no mundo. Esixíano os accionistas; ordenábano os empresarios; executárono os capitáns e pagárono coas súas vidas os tripulantes e os viaxeiros.

As grandes liñas de cruceiros (sobre todo as catro maiores do mundo) esforzábanse por restarlle gravidade á crise sanitaria. Mantiveron os cruceiros programados aínda despois de ser advertidos polas autoridades sanitarias do risco Todos os xerentes disimulaban a envergadura das ameazas. Arnol W. Donald, presidente de CarnivalCorp, por exemplo, tivo a ousadía de soster que os viaxeiros corrían menos perigo nun cruceiro que en calquera outro lugar. Sábese que en lugares pechados o virus propágase a unha maior velocidade. No portavións norteamericano Theodore Roosevelt un milleiro dos 4.500 homes a bordo deron positivo en marzo. Outro caso foi o portavións da Armada francesa Charles Degaulle no que máis de mil tripulantes se contaxiaron.

Dende xaneiro en varias naves xa se producíran serias alarmas por contaxios de coronavirus. A situación máis grave tivo lugar nun barco propiedade de CarnivalCorp, o "Diamond Princess". Comezara o 20 de xaneiro un cruceiro de dúas semanas; finalmente rematou nun molle de Xapón con todos os seus viaxeiros pechados nos camarotes sen permiso de saír porque 712 persoas das 3711 que viaxaban tiñan contraído o coronavirus. Dez tiñan morto; nese momento era o foco de infección maior do mundo fóra da China. Isto non foi suficiente para que as autoridades internacionais ordenaran paralizar os cruceiros. O doctor Michael Ryan da OMS dixo, daquela, que se tiveran que interromper todos os cruceiros do mundo , "a onde iríamos a parar".

A idea de fuxir da pandemia nun cruceiro ía converterse nun tráxico erro. Como sucede nas traxedias gregas: desexando fuxir da fatalidade acontece que se tropeza co funesto destino que, precisamente, se pretendía evitar. Foi o que lle pasou aos viaxeiros do MS Zaandam. O día 7 de marzo xa as autoridades tiñan advertido que se evitara viaxar, precisamente, en cruceiros.

A mediados de maio quedaban 60.000 tripulantes nuns noventa cruceiros parados nas augas de Barbados. Dous buques errantes chegaron fronte as costas de Florida; sabían que as autoridades non lles ían dar permiso para desembarcar. O propio Donald Trump declarou: "debemos axudar a esa xente; están morrendo e temos que facer algo". El sabía que tiña parte da responsabilidade por preferir satisfacer os intereses das compañías en vez de defender os pasaxeiros. Unha investigación do xornal Wall Street Journal demostrou que a principios de marzo, os operadores de cruceiros tiñan amplas probas para crer que a súa frota de cruceiros de luxo eran incubadoras do novo coronavirus. Aínda así, seguiron enchendo cruceiros con pasaxeiros, pondo en perigo os que estaban a bordo e axudando a estender a pandemia do covid-19 a Estados Unidos e a todo o planeta.

Para a industria dos cruceiros ese comportamento resultou ser un desastre absoluto. As accións das principais naveiras desplomáronse ata un 77%.

Os propietarios do Zaandm están pensando en cambiarlle de nome para esquecer a traxedia, pero o que sí tiña que cambiarse é o modelo de explotación dos cruceiros: funesto para a natureza, para os tripulantes e viaxeiros. Aquí confírmase aquela xusta observación de Carlos Marx segundo a cal "o capitalismo tende a destruír as súas dúas principais fontes de riqueza: a natureza e os seres humanos".

O noso agradecemento ao colega Ignacio Ramonet por ofrecernos esta valiosa información que debe servirnos de reflexión sobre todo o que se coce arredor desta pandemia que ninguén convidou a sentarse á mesa pero que se comporta como un convidado especial nas nosas vidas.

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA

# Entrega dos XV Premios Educación Curso 2019/2020

O Concello de Salvaterra de Miño fixo entrega dos Premios Educación Curso 2019/2020 que este ano chegan a sua XV edición.

Uns premios que nacen co espírito de fomentar o esforzo e o traballo diario entre os alumnos e alumnas dos nosos centros educativos, premiando a excelencia académica, e que este ano se adaptaron as novas circunstancias xeradas pola aparición do COVID-19.



Fíxose entrega de 14 lotes informáticos compostos por unha tablet, funda, powerbank portátil e tarxeta de memoria, valorados en mais de 300€ cada premio. Ademais de tres premios formados por un lote de equipos informáticos compostos por un ordenador portatil, tablet, impresora e un curso de ingles online de conversación, valorados cada un en mais de 1.700€.

O acto realizouse en dúas quendas, na primeira fíxose entrega dos premios aos alumnos e alumnas de primaria do CEP Carlos Casares de Alxen, do CEIP de Leirado e do CEIP Infante Felipe de Borbón. Os premiados foron Laura Ojea Domínguez, Gema Baz Bernárdez, Xabier Rodríguez Rodríguez, Xurxo Rodríguez Rodríguez, Ivana Garcia Gómez, Antía Pino García, Marcela Lorenzo Bernárdez, James Pinnock Abreu e Laura Millán Domínguez.

Na segunda quenda tocoulle o turno aos alumnos e alumnas do IES Salvaterra, os premios repartíronse entre cuarto da ESO, Ciclo Medio de Soldadura e Caldeireiría, FP Básica de Carpintería e Moble e segundo de Bacharelato.

Os premiados foron Aroa Domínguez Perez, Xerome Silva Hervella, Icía Domínguez Rodríguez, Jesús Domínguez Pérez, Diego Domínguez Barbosa, Laura María Cadilla Alves, Alex Rodríguez Rodríguez e Alba Presa Lorenzo.

## Adeus a Delia do Barreiro

Veciña de Puzo-Lira, faleceu o 2 de agosto de 2020 aos 105 anos de idade a Sra. Delia Fernández (do Barreiro). Vaian as condolencias dos que facemos este Xornal para os seus fillos/as e familiares.

**Descanse en Paz**

# Axudas para adquisición de libros

O Concello de Salvaterra de Miño informa de que se abre o prazo de solicitude das axudas de 75€, destinadas á adquisición de libros e material escolar de Infantil para o curso 2020-2021.

O prazo de presentación de solicitudes fíxase do 12 de xullo ao 28 de agosto de 2020, ambos inclusive. Os interesados deberán presentar as solicitudes acompañadas da documentación en Servicios Sociais, martes, mércores e xoves de 09.00h a 13.00h, previa cita telefónica no 697 911 050. Mais información, bases e modelo de solicitude en www.concellodesalvaterra.com.

# Salvaterra solicita que se volvan a habilitar as solicitudes presenciais de corta

Tendo en conta que a maior parte das solicitudes de corta que se tramitan no Concello de Salvaterra de Miño están feitas polos nosos maiores do rural, con todo o que iso conleva, problemas de acceso a redes, carencia de equipos informáticos ou na maior parte dos casos simplemente ausencia dos coñecementos informáticos e de uso de claves e plataformas dixitais.., o paso exclusivo de forma telemática das solicitudes de corta por parte da Consellería supón un claro prexuízo para o noso Concello, xa que ata o de agora dábaselle a opción a poboación de solicitalos persoalmente no Distrito Forestal en Ponteareas ou os venres no propio Concello.

Ante esta situación onde claramente os nosos maiores se senten discriminados e sobre todo o noso rural, o Concello de Salvaterra de Miño solicita que se volva a habilitar as solicitudes presenciais para as tramitacións das cortas e demais tramitacións nos concellos e na propia sede comarcal, convivindo paralelamente os dous mecanismos, o dixital e o presencial con fin de facilitar as tramitacións a toda a poboación e que exista desta maneira un trato igualitario entre os nosos veciños.



# O Concello restaura e amplía o espazo de recreo infantil do Parque da Canuda



O Concello de Salvaterra de Miño aproveitando o peche do parque por mor da pandemia, e co afán de continuar coas melloras das infraestruturas que se prestan, ven de empezar as obras de restauración do parque infantil da Canuda por un importe total de 48.335,98€, dos cales 33.835,19 están financiados a través da subvención de Vicepresidencia da Xunta de Galicia para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2020, e o resto, 14.500,79€ están financiados con fondos propios.

O obxecto deste proxecto é dotar, máis se cabe, a zona de ocio infantil do Parque de A Canuda dos mecanismos de seguridade e ocio dos seus xogos deteriorados polo paso do tempo, coa restauración e reparación de todos os xogos e a instalación de dous novos, unha pirámide de cordas de 2,50m de altura e unha tirolina de madeira. Cómpre destacar que o Parque de A Canuda ten ao redor de 300.000 visitas cada ano, cun atractivo singular para os máis cativos no seu espazo de xogo infantil.

O Parque Público A Canuda é un referente do ocio para a comarca e a provincia de Pontevedra, pola súa extensa e variada oferta de ocio, que resulta unido aos máis de 30km de sendas, ao Espazo Termal Lúdico, o Recinto Amurallado e o Museo da Ciencia do Viño, que a nosa Vila sexa moi atractiva para o visitante, ademais de contar cun emprazamento privilexiado, a beira do Río Miño, que invita ao paseo, relax e disfrute dos nosos veciños e visitantes.

Debido ao paso do tempo e as diferentes inundacións que ten soportado esta zona de xogos dende a súa inauguración no ano 2007, facía necesario implementar unha obra de mellora que abarcara a toda a zona, tanto na restauración de toda a zona de xogo como coa instalación de novos xogos para aumentar a variedade temática dos mesmos, que suporá unha gran mellora nas infraestruturas de ocio infantil existentes no termo municipal.

Desta maneira e cando a COVID o permita, o Parque de A Canuda abrirá as súas portas enchendo de ledicia aos nenos e nenas que gozarán novamente dun espazo saudable e lúdico referente na nosa comarca.

# Rematada a reposición do céspede sintético das instalacións deportivas do Casal



O Concello de Salvaterra notifica que remataron as obras de reposición do céspede do Casal financiadas a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra. Esta reposición, unida á nova pista de pádel tamén recentemente construída, á pista de petanca, ó ximnasio biosaudable e á pista de fútbol sala fan que a instalación deportiva desenrole o seu potencial.

Este campo dará cobertura as Escolas Deportivas, a S.D.Salvaterra, O S.D.Castelo e diversos equipos de veteranos das nosas parroquias, polo que ó redor de 250 persoas gozarán semanalmente deste céspede, de última xeración coa evolución do sistema de riego saíndo do interior do propio tapete. Este sistema de aspersión é moito máis seguro para a práctica deportiva xa que non ten os capuchóns nin os ferros á vista, soamente se ergue o céspede de maneira automática para o regado e volve a baixar o rematar facendo ademais que sexa moito máis áxil e doado.

# Recomendación dun consumo responsable de auga da traída

O Concello de Salvaterra chama á responsabilidade e fai unha recomendación dun consumo comedido de auga, e lembra que o uso da auga da traída é de exclusividade para consumo doméstico e industrial, non se pode empregar nin para regar hortas, xardíns nin encher piscinas.


am Mendo® áridos e formigóns

Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.





Aridos e Formigóns

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

# Ponteareas reforza a Oficina de Padrón e Estatística con máis persoal e cita previa automatizada telefónica e na web

O goberno local de Ponteareas reforzou a Oficina de Padrón e Estatística coa incorporación dun novo traballador, que se engade aos dous habituais do servizo. Ao mesmo tempo, entrou en funcionamento o sistema de cita previa automática a través da web do Concello e do teléfono 886405106.

Segundo explica Roberto Mera, concelleiro de Bo Goberno, Transparencia e Participación Cidadá, coa reapertura ao público da Oficina o pasado mes de xuño "producíuse unha avalancha de solicitudes das persoas que non as puideran facer durante o confinamento así como pola apertura de prazos de matrículas e outros procedementos como as moratorias hipotecarias, a renda mínima vital ou as axudas municipais a autónomos nas que se requiren certificados de empadronamento". A crise sanitaria obrigou a establecer o sistema de cita previa que foi xestionada desde a propia oficina polo seu persoal, o que provocou un menor ritmo na tramitación de expedientes e solicitudes.

Para paliar esa problemática púxose en marcha o sistema de cita automática a través da web e do teléfono 886405106 de maneira que o persoal da oficina pode adicarse xa por enteiro á tramitación de expedientes. Coa incorporación doutro traballador máis estanse reprogramando as citas e adiantándoas respecto á data inicialmente asignada.

Mera explicou que na Oficina de Padrón e Estatística houbo que xestionar nun mes o traballo de case tres meses, pedíu comprensión á veciñanza "porque as medidas derivadas da crise da Covid19 conlevan procesos de adaptación e maior lentitude na atención cidadá" e pedíu desculpas "polos trastornos que se puideran ter ocasionado". O edil pide á cidadanía que informe de calquera incidencia na atención cidadá a través do correo participacioncidada@ponteareas.gal para poder mellorar esa atención.

# Ponteareas pon en marcha un campamento de verán para mocidade

A Concellería de Mocidade do Concello de Ponteareas, que dirixe Miguel Bouzó, vén de anunciar a posta en marcha de "ActivaTea", un campamento de verán para mozas e mozos de entre 13 e 17 anos. As actividades desenvolveranse ao aire libre os martes, xoves e sábados en horario de 10 a 14 horas, e dividiranse en dúas quendas a escoller, do 28 de xullo ao 15 de agosto e do 18 de agosto ao 5 de setembro, cun prezo de 15€.

Facilitar a volta á actividade das mozas e mozos ofertándolle espazos de lecer e socialización seguros e saudables, fomentar a súa autonomía e desenvolvemento social ou promover o traballo en equipo adaptándose á situación actual son algúns dos obxectivos deste campamento. Así mesmo, dado que as actividades se realizarán en espazos naturais e abertos, ActivaTea tamén procurará dar a coñecer e valorizar espazos de interese existentes en Ponteareas.

"O campamento desenvolverá múltiples actividades e enfocarase dende unha perspectiva lúdica e participativa, tendo sempre presente a compoñente formativa e educativa", sinalou Miguel Bouzó, que destacou que "as mozas e mozos serán partícipes en todo momento do deseño das actividades, fomentando a convivencia e primando así a interacción e socialización do grupo mantendo as medidas sanitarias e de prevención derivadas da Covid-19".




O concelleiro de Mocidade indicou que "este campamento está orientado a unha franxa de idade que habitualmente require unha maior oferta lúdica e formativa, como nos teñen trasladado as mozas e mozos participantes no Consello da Infancia e Adolescencia. Deste xeito, ActivaTea súmase ás iniciativas que levamos posto en marcha dende o goberno local para favorecer a conciliación entre a vida familiar e laboral das familias do noso concello".

As persoas interesadas poderán recibir máis información ou inscribirse na OMIX, situada na Biblioteca Municipal, a través do enderezo electrónico omix@ponteareas.gal ou no teléfono 986 660 765.

# O Centro de Interpretación do Tea, CITEA, reabre as súas portas ao público con visitas concertadas



A concelleira de Medio Ambiente, Rosa Covelo, informa sobre a reapertura do CITEA (Centro de Interpretación do Tea), ubicado na casa cultural de Fozara.

Atendendo a situación de emerxencia que estamos a vivir, a reapertura do CITEA farase respectando todas as condicións de hixiene e seguridade necesarias fronte ao COVID-19.

No centro de interpretación atoparemos paneis informativos sobre a flora, a fauna e introducción á historia, usos e costumes vinculadas ao río Tea. Ademais este centro dispón dun proxector que ofrecerá vídeos temáticos.

A concelleira anima aos/ás cidadáns a visitar estas instalacións para coñecer máis polo miúdo a biodiversidade tanto animal coma vexetal que alberga este río, declarado LIC (Lugar de Interese Comunitario) incluído na Rede Natura 2000. Amais da riqueza natural, neste curso fluvial atopamos un abundante patrimonio cultural e etnográfico.

Haberá visitas guiadas dispoñibles baixo petición para grupos de mínimo 5 persoas e máximo de 10, os martes e xoves desde o mes de xullo a outubro.

Para concertar a visita contactar co enderezo electrónico turismo@ponteareas.es

# Os mercados dos sábados festivos celebraranse sempre os venres

A concellería de Promoción Económica informa que os mercados dos sábados festivos pasarán a celebrarse sempre os venres. Promoción Económica estudou as distintas alternativas co comercio local que considerou mellor opción trasladar as feiras dos sábados ao día anterior xa que nos festivos o noso comercio permanece pechado.

Tendo en conta a incidencia positiva que ten o mercado dos sábados para o conxunto do comercio, que nos días festivos so abre alimentación, o centro comercial aberto BANASTRA e a Asociación de Comerciantes Tea trasladaron á concellería a necesidade de mudar aos venres as feiras que cadren en festivos.

Deste xeito, a feira do sábado 25 de xullo, pasará ao venres 24 e a feira do sábado 15 de agosto ao venres 14.

A concellería salienta que os comercios de alimentación e a praza de abastos si abrirán os sábados festivos para ofrecer aos clientes os produtos frescos e de primeira necesidade.

O Concello explica que esta decisión contribúe a un mellor e organizado servizo para o consumidor que atopará unha ampla e variada oferta de produtos e servizos nun mesmo horario e día laboral e que tamén respecta as necesidades de descanso do comercio local garantindo tamén a oferta de produto alimentario fresco en días festivos.

# Do 15 ao 21 de agosto Ponteareas volve a vivir o Festival Groba

**O trompetista Esteban Batallán clausurará a oitava edición do Festival Groba**
**O público deberá reservar butaca con antelación para escoitar os mellores músicos de fóra e de dentro das nosas fronteiras**




O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, acompañado da deputada provincial de Cultura, Victoria Alonso, do concelleiro de Cultura Fernando Groba e do director da Orquestra de Cámara Galega, Rogelio Groba, presentaron no salón de plenos do Concello o cartel do VIII Festival Groba.

Do 15 ao 21 de agosto Ponteareas acollerá, por oitavo ano consecutivo, estreas absolutas do prolífico Mestre Rogelio Groba e será o escenario dos mellores músicos do mundo.

Organizado co apoio da Fundación Groba, da Deputación de Pontevedra e da Xunta de Galicia, o Festival Groba ten como obxectivo divulgar a música clásica e facela chegar a cada recuncho e persoa que neses días visite Ponteareas.

Baixo as estrictas normas de seguridade sanitaria e distanciamento social este ano o Festival Groba presenta a novidade de ter como convidado especial encargado do concerto final ao trompetista Esteban Batallán solista da Sinfónica de Chicago que ofrecerá a estrea absoluta do concerto para trompeta e orquestra Concertino Rococó do Mestre Groba. Totalmente de balde volveremos gozar das grandes figuras da música clásica como a viola coreana Kyoungmin Park, o pianista Federico Colli, o violín de Josef Spacek e Damián Hernández, pianista. Tamén volveremos gozar da voz e da arte da soprano Laura del Rio que estreará dúas obras do mestre Groba e do piano de Elisa D´Auria así como do violinista Pablo Vidal ou do clarinete de Spyros Fakiolas, así o relatou na súa intervención o director da Orquestra de Cámara Galega, Rogelio Groba; e Alba Reiris, a cellista ponteareá recuperará os microconcertos do mestre Groba.

A chelista Anastasia Kobekino ofrecerá outra das novidades tocando no convento de Canedo as seis suites de Bach o domingo 18.

A Orquestra de Cámara Galega actuará o sábado na sesión de apertura, o xoves e os concertos de cámara dos solitas serán o luns, o martes e o mércores.

Todo no auditorio municipal e previa reserva no número de teléfono 618 705 639 ou no enderezo electrónico departamentocultura@ponteareas.gal, así o salientou o concelleiro de Cultura Fernando Groba quen tamén pide a colaboración da cidadanía no cumprimento estricto das normas especialmente nas entradas e saídas do auditorio.

O Festival Groba adapta, así, a súa programación para que se garantan todas as normas sanitarias sen renunciar ao pracer único de desfrutar da mellor música clásica de balde.

Consulte o programa en https://www.festivalgroba.com/ga-artistas https://www.festivalgroba.com/ga-artistas

# A Banda de Música Xuvenil de Xinzo renova a súa directiva



O domingo 26 de xullo tivo lugar a Asemblea Extraordinaria da Banda de Música Xuvenil de Xinzo para a elección dunha nova directiva para o período 2020-2023.

Respectando as medidas sanitarias impostas pola Xunta, levouse a cabo o cesamento da directiva anterior, en vigor desde o ano 2017, e acordouse a renovación da directiva en funcións ante a falta dunha nova candidatura.

As novidades máis destacadas desta renovación son as novas incorporacións e cargos. O número de membros aumenta ata un total de dez, tres máis que na etapa anterior. Francisco Jesús Represas Carrera continúa á cabeza como presidente e Branca Represas Alonso como vicepresidenta, do mesmo xeito que non cambian as funcións dos membros que formaban parte da directiva ata o momento. A única excepción a isto é a de Manuel Collazo Francisco, que pasa a ocupar un dos novos cargos, o de vicesecretario, como apoio á secretaria María Represas Alonso. A esta novidade súmase o cargo de vicetesoureiro, que ostentará un dos tres novos membros e músico da banda, Ángel González Lago, acompañando á tesoureira Silvia Fernandes Táboas. As outras incorporacións, Mónica Carrera Táboas e Sonia González Represas, asumirán o cargo de vogais xunto ás veteranas Ana Acebedo Varela e Segunda Carrera Iglesias.

A recentemente renovada directiva prolongará o seu mandato durante os próximos tres anos, nos que xa se planean a posta en práctica dos novos obxectivos establecidos en beneficio da Banda, da Coral Cantares de Xinzo e da Escola de Música. As primeiras reformas a tratar serán as da Escola nunha nova asemblea que ten previsto celebrarse a primeira semana do mes de setembro.

# Vixilancia antilumes na Picaraña



*Vixilantes nunha foto de arquivo de 2017.*

As Comunidades de Montes de Ponteareas e Arcos levan todo o mes de xullo e van continuar en agosto, organizando quendas de vixilancia na Picaraña. Ante o alto risco de lumes o operativo fai tres quendas de vixilancia en varios puntos do monte. Comuneiros e voluntarios controlan os vehículos que suben e baixan ao monte en diferentes puntos estratéxicos.

O monte Picaraña está catalogado como Parque Forestal e nestes últimos anos estanse facendo importantes obras de mellora do entorno, como eliminación de acacias e eucaliptos, plantación de frondosas, mellora das pistas, etc. Obras que contribúen a diminuír o risco de incendios.

Recentemente este monte forma parte do proxecto da Deputación de Pontevedra "Bosques Terapeuticos" consistente en afondar na natureza e relaxarse gozando do entorno, descansar a mente e reducir o estrés.

As comunidades de montes agradecen a colaboración de todas as persoas que se suman a velar por este enclave.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

# ACiP denuncia a existencia de restos de poda no parque forestal da Picaraña



Estando en pleno verano, e sendo Ponteareas un Concello que forma parte do mapa de "máximo risco" decretado pola Xunta de Galicia, o Concello de Ponteareas actúa contrariamente a todas as recomendacións amontonando toneladas de maleza, rozas e lixo nunha leira propiedade do Concello situada nas Chans da Picaraña, representando un grave perigo.

Para o Portavoz Municipal de ACiP , González Carrera, isto é unha mostra máis de descontrol e irresponsabilidade, xa que nestes días é máximo o risco de incendios. "Durante meses estiveron carrexando toneladas de restos de rozas para esta leira amontoando lixo, e agora chega o verán e é unha polvoreira con grave risco de incendio e inseguridade para as persoas".

Dende o concello indican que se están a facer tarefas de biotriturado cos restos de poda do núcleo urbano. Utilízase este material para formar estructurante para os composteiros da Perillana e da Feira Vella, proporcionando así osíxeno á mestura. Os restos con moitos nutrientes, depositanse en bolsas de 1 metro cúbico de volume. Na parroquia de Arcos, hai un programa pioneiro de composteiros individuais ao que o concello ofrece tamén estructurante. No resto das parroquias os restos da limpeza, maioritariamente herba, se deposita en lugares acordados con algunhas comunidades de montes, para evitar a erosión de terreos e recuperar o solo, algo que xa se fixo no ano 2018 no comunal de Ponteareas despois dos lumes.

# O PP solicita que se poña en marcha unha nova liña de axudas a PEMES e autónomos




O Grupo Municipal do Partido Popular solicitou por escrito ao alcalde, Xosé Represas, a creación dunha nova liña de axudas a PEMES e autónomos con negocios en Ponteareas. A finalidade destes créditos sería minimizar o dano económico derivado da crise sanitaria do COVID-19.

"Propoñemos crear unha nova liña de axudas, destinada a dar liquidez a aquelas PEMES e autónomos que se atopan en débeda con calquera Administración pública (Facenda, Axencia Tributaria, Seguridade Social) de forma que se poñan ao corrente de pago e poder así optar a outras subvencións ou contratos".

A fórmula proposta polos populares é conceder pequenos créditos ata un importe ou porcentaxe máximo de débeda, sen intereses, cun ano de carencia e cun prazo de devolución de 3 a 5 anos.

Por outra banda a portavoz local, Belén Villar, solicita unha segunda liña de subvención para a compra de material de higienización dos espazos de traballo. " Financiar a PEMES e autónomos parte da compra necesaria para desinfectar superficies, a adquisición de máscaras, xel hidroalcohólico, instalación de medidas de protección, adaptación de espazos á seguridade requirida e todos aqueles gastos que sexan para previr e frear os contaxios desta pandemia".

O PP solicita ao alcalde que utilice para estas novas liñas de axudas a partida reservada no orzamento municipal, de 180.000 euros, o remanente da primeira liña de axuda, á que era moi complicado acollerse, e o diñeiro doado polos edís populares, 2.394 euros, correspondentes ao 50% do salario abonado, durante o Estado de Alarma, nunha conta do Concello de Ponteareas para axudas deste tipo.

# Esquerda Unida continúa coa campaña a favor da xestión municipal da auga



Esquerda Unida de Ponteareas continúa a súa labor de reclamar ao Concello de Ponteareas a recuperación da xestión directa da auga. A xestión da auga en Ponteareas está privatizada dende o ano 1989 cando se lle concedeu por primeira vez a xestión á empresa Aquagest, actualmente Viaqua. Neste ano 2020 remata o contrato coa empresa xestora, o que levou a Esquerda Unida a presentar xa en novembro de 2018 unha proposta para iniciar o proceso de remunicipalización. A partir dese momento Esquerda Unida comezou a explicar esta cuestión a través de notas de prensa e publicacións nas redes sociais. Agora a organización continuará con esta campaña difundindo vídeos explicativos e materiais co obxectivo de visibilizar a necesidade de recuperar a xestión municipal da auga.

A proposta de remunicipalización foi aprobada por unanimidade por todos os grupos que estaban naquel momento no concello, PP, PSOE, BNG e ACIP. Dende aquela nada se fixo ao respecto. Para EU este feito ven a demostrar unha vez máis que máis alá de cuestións puntuais, xestos e demais aparato, todos estes partidos comparten unha mesma ideoloxía económica que non é outra co neoliberalismo salvaxe que pretende reducir no máis posible as competencias e capacidades das administracións públicas. Soamente coa xestión pública se pode realizar un uso eficiente tanto dende un punto de vista ambiental como dende unha mirada económica e especialmente garantindo a función social da auga.

# Ponteareas convoca novas axudas aos clubs deportivos

A Concelleira de Deportes, Nahir Covelo, deu conta dunha nova convocatoria de axudas aos clubs deportivos de Ponteareas por importe de 50.000 euros, mantendo así a cifra dos últimos anos a pesares da crise do coronovirus que obrigou ao Concello a destinar centos de miles de euros para facer frente a esta pandemia mundial.

A convocatoria de axudas, ten como finalidade apoiar o esforzo dos clubs que están tratando de dar continuidade á actividade deportiva coas debidas medidas de seguridade sanitaria para evitar posibles contaxios do coronavirus

Poderán presentar solicitude de axudas os clubs deportivos sen ánimo de lucro de Ponteareas que estén legalmente constituídos

As bases son esencialmente as mesmas da última convocatoria de 2019 polo que facilita a súa tramitación por parte dos clubs.

# Ponteareas reordenará os espazos peonís e o tráfico en 14 rúas da vila

**O obxectivo é gañar espazos para as persoas, reducir o tráfico, o ruído e a contaminación e mellorar a calidade de vida e a seguridade.**

O concelleiro de Mobilidade e Tráfico, Roberto Mera, ven de presentar unha nova fase de actuacións para a reordenación dos espazos peonís e do tráfico. As rúas nas que se actuará son A Braña, Praza da Perillana, Doutor Fernández Vega, República Arxentina, Esperanza, Baratillo, Castiñeira, A Minada e Virxe da Luz.

As medidas previstas consisten en ampliar os espazos reservados ás persoas, ampliando as beirarrúas mediante o pintado sobre a calzada, a eliminación do dobre sentido de circulación, a peonalización completa dalgunhas rúas, a mellora da seguridade nos pasos de peóns e a dotación de prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida e para motocicletas e bicicletas.

Coas actuacións a executar Mera sinala que "avanzamos de forma decidida cara un modelo de vila pensado para a xente. Nas rúas nas que imos intervir o espazo para as persoas apenas representa o 25% da superficie. Coas actuacións previstas os itinerarios para as persoas pasarán a ter como mínimo 2,50 metros"

As actuacións se farán fundamentalmente mediante sinalización horizontal e o uso de elementos como maceteiros. "Se recuperará de mediato o espazo público para as persoas e se visualizará como serán no futuro estas rúas cando se redacten e executen os proxectos de reurbanización e humanización".

As rúas A Braña, Fernández Vega e Virxe da Luz pasarán a ser de sentido único, Castiñeira muda o seu sentido de circulación en dirección a Avenida de Castelao e A Minada cambia o seu sentido actual. "Con estas medidas reducimos o tráfico, a contaminación, o ruído e a inseguridade, axilizamos o tráfico e creamos itinerarios de saída do centro urbano.

Entre as medidas para potenciar os desprazamentos a pé e en bici saliéntanse a peonalización da rúa República Arxentina e a semipeonalización dun tramo de Fernández Vega ademais de completar a de Esperanza até os Ferreiros. "Con esta actuación creamos un traxecto seguro reservado para as persoas e as bicis que conecta a Praza Maior coa nova praza do Mercado Municipal e que continuará desde aí até o Conservatorio con itinerarios peonís de máis de tres metros de anchura". Na mesma liña, a rúa perimetral da Praza da Perillana queda libre de circulación de vehículos e se converte nunha ciclovía. Tamén se prevé peonalizar o tramo da rúa do Baratillo entre Doutor Fernández Vega e a fonte cando se abra ao tráfico a rúa San Roque, protexendo así a fonte. Nas zonas peonalizadas garantirase o acceso a garaxes e nalgúns casos a circulación de taxis e a carga e descarga.



*Rúa Arxentina.*

A concellaría de Mobilidade e Tráfico iniciou unha campaña informativa explicando todas estas medidas con cartelaría distribuida en todos os edificios e comercios das rúas nas que se actuará. A información inclúe unha táboa cos aparcadoiros situados a escasos minutos de cada unha das rúas.

Mera adiantou que a concellaría xa ten ultimada unha nova fase de actuacións na mesma liña nas rúas Carballos, Castañal, Orotava, Pedra Pequena e Paseo Matutino e na que se fará igualmente un traballo de información veciñal previo.

# Ponteareas adhírese á Rede Ágora para recuperar o espazo público para a veciñanza

O Pleno do Concello, co voto a favor do goberno (BNG-PSOE) e a abstención de PP e ACIP, acordou adherirse á Rede Ágora, unha iniciativa impulsada pola Deputación e dirixida aos Concellos interesados en recuperar o espazo público para a veciñanza. Ademais acordouse designar ao concelleiro de Mobilidade e Tráfico, Roberto Mera, como representante municipal na rede.

